



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcmgalega@gmail.com

Web: www.fcmgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

ACTA 2/2024

REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

En Santiago de Compostela, sendo as 09:35 horas do día 02 de Marzo de 2024 en primeira convocatoria, reúnese a **XUNTA DIRECTIVA** de forma telemática, presidida por D. Enrique Freire Sobral, actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

Asistentes:

Presidente:	D. Enrique Freire Sobral
Vicepresidente:	D. Manuel A. Fernández Mallo
Secretario:	D. Manuel Rey San Luis
Tesoureiro:	D. José R. Costas Carbajal
Vogal:	D. Rafael Piñeiro Rodríguez
Vogal:	D. Carlos García Balboa
Vogal:	D. Jaime M. López Rodríguez

Reúnese a Xunta Directiva coa seguinte **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior.**
- 2.- Seguimento dos compromisos adquiridos na reunión anterior.**

Primeiro.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR.

Os asistentes coñecen a acta nº 1 de data 17 de Febreiro do 2024 que se lles remitiron coa convocatoria. Non realizándose ningunha nova obxección á mesma apróbase por unanimidade.

Segundo.- SEGUIMIENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS NA REUNIÓN ANTERIOR.

Toma a palabra o Sr. Presidente para agradecer a todos os membros asistentes a este reunión a súa participación na mesma.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Web: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

A continuación dáse paso á intervención por parte dos asistentes sobre as xestións realizadas aos compromisos adquiridos na reunión anterior.

Con respecto ao compromiso adquirido polo Sr. Rafael Piñeiro sobre a adhesión dalgún membro do Club Alas Compostelanas (do que é socio) para formar parte do equipo de traballo para a adquisición de trofeos, comenta que o comentou co presidente do club e que a través dun comunicado vía whatsapp a todos os socios do club, e que ata a data non obtiveron resposta de ningún socio.

Con respecto ao compromiso adquirido polo Sr. Enrique Freire de falar co Sr. Angel Torre Iglesias para saber o seu interese en formar parte do equipo de traballo no que respecta aos temas regulamentarios desta Federación xunto co Sr. Manuel Mallo, comenta que o día que o chamou non puido falar con el porque estaba ocupado con temas laborais e que se poñería en contacto con el tan pronto puidese. Ata a data e tras chamalo en varias ocasións non fué capaz de contactar con el.

Tamén comenta que falou co Sr. Benigno Conde polo tema da súa continuidade como presidente da Comisión de Xuíces sen chegar a ningunha conclusión definitiva sobre este tema.

A continuación toma a palabra o Sr. Manuel Mallo para comentar as xestións realizadas respecto a situación actual da Comisión de Xuíces, dando paso á lectura dun escrito enviado polo Sr. Benigno Conde en relación á súa continuidade na presidencia desta Comisión, onde expresa entre outros temas, a posibilidade de “preparar” a un ou dous xuíces da actual lista de xuíces para que o suceda na presidencia da Comisión de Xuíces. Neste escrito realiza unha serie de reproches en canto a unha serie de actuacións por parte de membros desta Federación nas cales se deixaron á marxe a súa actuación como xuíz. En definitiva, poderase contar coa súa colaboración nos termos que expresa neste escrito.

Outro dos temas que comenta o Sr. Manuel Mallo é sobre o aforro que supoñería modificar as datas tanto de encesta como de solta das soltas de Gran Fondo, xa que polo orzamento que mandou Francisco Mourelle para esta campaña deportiva, saíríanos máis económico encestar os venres e soltar os domingos no canto dos martes e xoves como está no calendario deportivo. Doutra banda sería máis factible para os socios encestar os venres e non os martes

Acórdase nesta reunión trasladar este tema á Comisión Deportiva para estudar estes cambios.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Web: www.fcgalega.com



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



DEPORTE
GALEGO

Outra das medidas de aforro proposta polo Sr. Carlos Balboa sería que os camioneiros non realizasen o roteiro de entrega de cestas nos clubs da primeira solta de Gran Fondo (Almansa) xa que se supón que os clubs teñen cestas suficientes para afrontar a segunda solta deste campionato, realizando a entrega de todas as cestas unha vez finalizada a campaña.

A proposta do Sr. Manuel Mallo poderíase estudar a posibilidade de crear licenzas de “baixo custo” co obxecto de aumentar o importe da subvención da Xunta de Galicia, para iso haberá que ver os criterios de valoración desta Entidade para a concesión das subvencións, en canto ao tema de licenzas federativas se refire.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión da Xunta Directiva, sendo as 11:55 horas, no lugar e data sinalados

Asdo: Enrique Freire Sobral
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-